

**CIRCULAR DE MATRÍCULA**  
**CURSO 2017/2018**

*Pregámoslle que lean con moita atención esta circular e respecten tanto os prazos como as normas que se indican.*

**1. MATRÍCULA E.S.O**

Segundo a lexislación vixente é obrigatorio formalizar a **matrícula** do alumnado do centro para o **vindeiro curso 2017/2018**. Cómpre que os/as alumnos/as entreguen na Administración do centro a seguinte documentación:

- Impreso de matrícula debidamente cuberto.
- Impreso de solicitude de transporte escolar.
- Impreso de autorización de saída do centro e baixada na parada de bus (no caso en que autoricen ao alumnado a facelo só).
- 2 fotografías tamaño carné.

O alumnado que teña pendentes unha ou dúas asignaturas en setembro poderá entregar a matrícula para o curso que ven na convocatoria de xuño. No caso de ter máis asignaturas pendentes deberá esperar á avaliación de setembro.

**O prazo para formalizar a matrícula é :**

<b>CURSO</b>	<b>DÍAS E HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO</b>
2º E.S.O.	29 DE XUÑO DE 9:00 A 13:00 HORAS.
3º E.S.O.	30 DE XUÑO DE 9:00 A 13:00 HORAS.
4º E.S.O.	3 DE XULLO DE 9:00 A 13:00 HORAS.

*No caso de non realizar este trámite entenderemos que non teñen interese en que o/a seu /súa fillo/a continúe no centro o vindeiro curso, polo que procederemos á súa baixa.*

**2. PAGAMENTO DO SEGURO ESCOLAR**

O alumnado que se matricule en **3º e 4º de E.S.O.** debe aboar na Administración do centro **1,12 euros** en concepto de seguro escolar (só se recollerá a cantidade exacta). **Non se recollerá a documentación de matrícula se non se realiza o dito pagamento.**

A dirección

Na páxina web do centro (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iescarral/>) poderán consultar toda a información sobre o procedemento.